

②

## A casa abandonada.

Había unha vez un neno chamado Antón que vivía nunha pequena aldea de Galicia. Había cinco casas, pero soamente estaban tres habitadas. As outras dúas estaban abandonadas.

Un día Antón foi andar e quería ir mirar o que había nesas casas, pero non tiña por onde entrar. Despois de moito mirar encontrou un camiño estreito que ía cara a unha das casas e viu no fondo unha porta aberta. Víñeronlle máis as ganas de entrar pero non se atreveu.

Ao día seguinte, volveu e entrou. Estaba todo escuro, gañou medo e quixo marchar, pero seguiu andando outro pouco. Estaba todo cheo de teas de araña e cousas tiradas polo chan.

De repente oíu un ruído e pareceulle que se movera algo. Foi tan grande o susto que se botou a correr e marchou para á súa casa.

Na casa contoulle o que pasara ao seu avó e pediulle que fora con

el ao día seguinte. Pola mañán foron aló. Volveron a entrar polo camiño estreito pero viron que a porta estaba pechada. O avó achegouse e abriura. Antón estaba moi asustado. O avó foi diante e chegaron a un cuarto e Antón pareceulle que se movera algo de novo. O avó díxolle que non vira nada pero, de súpeto, oíuse un golpe. Miraron cara atrás e viron como algo marchaba correndo pola porta, pero non souberon o que era.

Volveron para á súa casa e ao día seguinte volveron ir investigar. Entraron e foron cara ao mesmo cuarto e alí descubri-ron o que pasaba. A ventá estaba aberta. Co vento que entraba por ela facía mover as roupas velhas que alí había. E tamén descubri-ron o que saía pola porta. Había alí arxachados uns gatiños pequenos coa súa raí.

¡ Tanto medo para nada!